
Mário Herrero Valeiro, *Guerra de grafías e conflito de elites na Galiza contemporânea (textos e contextos até 2000)*, [Santiago de Compostela], Através Editora, 2011, 319 pp.

Detrás dun título tan suxestivo como *Guerra de grafías, conflito de elites* Mário Herrero Valeiro, investigador especializado no campo da sociolingüística, achega unha obra que supón un verdadeiro exercicio de seria reflexión e de exhaustiva revisión de fontes bibliográficas arredor da cuestión glotopolítica xerada entre dúas das posíbeis vías para a fixación ortográfica e normativa do galego: a “oficialista” e a “reintegracionista”.

Malia levar ás nosas costas un proceso normalizador do galego, a piques de cumprir os trinta anos de historia, os debates arredor da normativización e da escolla dunha convención gráfica seguen máis vivos do que algúns dos sectores implicados nos mesmos son (ou somos) quen de recoñecer.

O autor consegue ofrecer unha obra que navega con rigorosidade polos alicerces do conflito normativo e ortográfico sen deixar de presentar un texto accesíbel a un público lector non especializado aínda que interesado na materia. Naturalmente, todo isto feito desde unha postura parcial dentro do mesmo conflito mais, quen non ten unha postura parcial ao respecto? Acompañando á lectura van xurdindo certas cuestións recoñecidas como incompletas e que son sementadas deliberadamente co obxecto de abrir novas vías de investigación.

Cómpre sinalar que o libro foi publicado no ano 2011 aínda que a súa redacción se sitúa máis de once anos atrás como parte, agora acrecentada, da tese de doutoramento en Filoloxía Hispánica do autor. Esta cuestión aparece consignada na nota previa (pp. 13-17) que abre a obra e que opera como guía de actualización dalgunhas das cuestións que poden ir xurdindo a medida que afondamos na lectura. A “Introdução” (pp. 19-26) funciona como leme do estudo xa que determina a esencia do mesmo, ao tempo que presenta brevemente cada un dos seis capítulos do libro. Nesta epígrafe sinálase que a obra está dividida en dúas grandes seccións: “Ideologizando paredes (a ortografía, campo de lutas)” (capítulos 1 e 2) e “Guerra de grafías e conflito de elites” (capítulos 3 ao 6). Este último apartado, porén, non aparece recollido nas páxinas de división internas nin tampouco no índice xeral, o que corrobora certo desleixo editorial polo aspecto formal do libro. Esta falta de coidado maniféstase en cuestións como a equivocada numeración das notas a rodapé (pp. 99-107 e 116), a repetición de elementos (“vem a ser para os seus membros um âmbito de identidade”, p. 137),

o uso mesturado de termos nun mesmo enunciado (“galego” e “português”, p. 76) ou as incorreccións no tocante á ordenación alfabética na bibliografía final (pp. 296-297). Estes exemplos sumados a unha estruturación interna dos seis capítulos que compoñen a obra lóxica e accesíbel por veces, mais algo confusa noutras ocasións por mor da hipersegmentación, acaban por ofrecer unha aparencia descoidada que pouco ten a ver co contido do texto.

Os dous capítulos iniciais, “A ortografía, índice ideolóxico e identitario” (pp. 29-61) e “O labirinto ortográfico galego: das propostas de padronización aos usos públicos cotidianos” (pp. 63-79), ofrecen, por unha banda, un repaso a cuestións básicas como o carácter convencional dos sistemas ortográficos (e da propia escrita como convención allea á natureza oral das linguas) ao tempo que, por outra, erixen o que será un dos piares deste ensaio: o porqué da escolla dunha ortografía para o galego que é un decalco da castelá fronte ás posibilidades de escoller unha grafía máis próxima ao portugués ou mesmo a unha terceira vía como a selección dun modelo ortográfico diferente a calquera dos confinantes. Salientan desde as primeiras páxinas tanto o preciso baleirado bibliográfico integrado no texto como a teima pola exactitude terminolóxica. As reflexións sobre a escolla dun ou doutro modelo ortográfico veñen acompañadas pola exemplificación do acontecido con outras linguas como a caxemira, o luganda ou o noruegués. Doutra banda iníciase tamén nesta primeira parte un dos elementos máis interesantes e arriscados da obra, as clasificacións persoais. Neste caso preséntásenos un modelo para a clasificación das linguas escritas (p. 60) centrado naquelas que contan cun corpus amplo de textos, froito dunha temperá implementación do texto escrito, e que son divididas en dous grandes grupos: linguas que teñen acadado unha “fixación ortográfica plena” e aquelas que presentan unha “fixación ortográfica conflituosa”, entre as que se inclúe o galego (“portugués da Galiza”) xunto co holandés, o flamengo e o catalán de Valencia.

O terceiro capítulo, “Elementos para una contextualización” (pp. 81-117), bríndalle ao público lector a posibilidade de se achegar desde unha perspectiva diacrónica ao conflito ortográfico galego navegando por el desde o seu xurdimento no século XVI até o século XX. Nas décadas finais deste é, precisamente, onde o autor fai fincapé, ao abordar os problemas de fixación ortográfica derivados das mudanzas sociopolíticas acontecidas após o desmantelamento do réxime franquista. Constátase así que nin a chegada da autonomía nin a aparición de institucións políticas e culturais propias conseguiron afastar a progresiva homoxeneización do galego co castelán. Dedicáselle tamén un espazo importante (integralmente a epígrafe final do capítulo titulada “A cuestión ortográfica em finais do século XX: crise e tomada de posición do poder institucional”) á análise do proceso de normativización desenvolvido polas recuperadas ou acabadas de nacer institucións culturais galegas, que tamén son obxecto de estudo ao seren repasados feitos como a creación do Instituto da Lingua

Galega (1971) ou a consecución da cátedra de Lingüística e Literatura Galega da universidade compostelá por Ricardo Carvalho Calero (1972).

Os capítulos cuarto e quinto merecen unha abordaxe conxunta ao titulárense “Uma interpretação glotopolítica do conflito ortográfico I (pp. 119-168) e II (pp. 169-223)”. Son estes, os que orquestradamente debullan a cerna da cuestión. A primeira epígrafe (“Posicións de base: perspectivas e apoios”, pp. 121-129) clarifica unha cuestión basilar: cal é o alcance e paradigma agochados detrás do termo galego segundo os diferentes enfoques existentes, isto é, desde a óptica dos denominados “diferencialismo” e “reintegracionismo”. Mário Herrero rexeita os termos “isolacionismo e lusismo” (p. 121) ao achalos escasamente rendíbeis e/ou pexorativos. Opta polas etiquetas “reintegracionismo ou não-oficialismo” para designar a opción ideolóxico-lingüística por el defendida integradora co portugués, e como contraposición á denominada “diferencialismo ou oficialismo” máis próxima ao castelán. Dentro do primeiro grupo establece aínda varias segmentacións máis. Así, dentro dun gran conxunto de reintegracionistas aparecerían por unha banda o “reintegracionismo moderado” (p. 125) ou “de mínimos” e, por outra, o “reintegracionismo pleno” (p. 127) tamén denominado “de máximos ou lusismo”. Neste aínda cabería unha outra división entre “reintegracionistas ou reintegracionistas galeguistas”, usuarios da norma de AGAL, e “integracionistas ou lusistas ou reintegracionistas portuguesistas” (p.128), que prefiren a adopción do padrón portugués.

A seguinte sección “Penetrando nos discursos: da extrema diferenciación à unidade extrema” (pp. 131-144) ofrece unha selección de textos que exemplifican a clasificación anteriormente realizada. A escolma de fragmentos resulta de particular interese por se ter centrado o autor en amosar incoherencias discursivas, nomeadamente de persoas significadas no plano do “oficialismo”, tal e como é perceptíbel a través das manifestacións do profesor Ramón Lorenzo compiladas (pp. 134-135). Precisamente é a obra de Ramón Lorenzo a que, xunto con exemplos tirados dos profesores Henrique Monteagudo e Xosé Ramón Freixeiro Mato, aparece citada con máis frecuencia co obxecto de referendar a exposición de ideas feita por Mário Herrero.

O sexto capítulo “O poder da norma e a imposibilidade do consenso (dos “pouco confessábeis intereses das elites” a “uma cousa são os desejos e outra é a realidade”)” (pp. 225-276) prolonga a análise presentada nas páxinas anteriores acrecentándoa cronoloxicamente até o ano 2000. Máis unha vez, o aspecto máis salientábel do texto é o perfecto entretecido que o autor realiza entre as teses por el expostas e as referencias empregadas para, neste caso, repasar a través da óptica do reintegracionismo, tanto moderado como pleno, e do oficialismo o papel xogado no proceso de construción da norma. Con todo, cómpre sinalar tanto a ambigüidade dalgúns dos argumentos manexados como certo afán de controversia latente en todo o capítulo. Consignaremos

como exemplo unicamente as referencias que se fan ao beneficio económico conseguido polos defensores do “oficialismo” elaboradas cun marcado personalismo (pp. 228-230). Unha das carencias máis evidentes imputábeis a esta sección é a desactualización que sofre posto que a análise remata no ano 2000, deixando de lado, por tanto, a reforma normativa de 2003 que mudou o panorama reflectido na obra cando menos no que respecta á existencia activa do aquí chamado “reintegracionismo moderado”.

O volume remata cunha última epígrafe presentada baixo o título “Coda” (pp. 277-282) que recolle, de xeito sintético, a valoración persoal que o autor fai do proceso e iniciativas a prol da normalización lingüística do galego desenvolvidas nos últimos anos. Este breve capítulo completa a análise cronolóxica anteriormente ofrecida, aínda que non presenta novos datos de relevancia.

A valoración final da obra, mesmo transcendendo todas as cuestións relativas aos aspectos técnicos da edición, flutúa entre o recoñecemento da realización dun traballo inxente de compilación, lectura, análise e sistematización bibliográfica e a sensación, que acompañou a nosa lectura particular, da manifestación dun personalismo que afecta ao tratamento do tema non polo lexítimo posicionamento do autor no ámbito reintegracionista senón pola impresión de escasa rigorosidade que desprende en determinadas ocasións e que contrasta coa firme cimentación realizada noutros casos.

Chegado o ano 2012 existe xa un número importante de estudos que abordan a situación sociolingüística do galego mais é ben certo que non son tantas aínda as referencias accesíbeis ao público desde o ámbito do reintegracionismo. A obra de Mário Herrero é directa e clara, en ocasións mesmo tinguida de certa crueza, como cando parte do recoñecemento de ser, a cuestión ortográfica, un tema que non preocupa á maior parte da poboación e non porque esta acate a vixente norma do galego, senón por desleixo absoluto con respecto ao conflito e instalación total no sistema lingüístico castelán. Por outra banda a elaboración e actual estatus da ortografía do galego é un tema que, por desgraza, non acostuma contar cun grande espazo nos currículos académicos independentemente do nivel de ensino ao que queiramos achegarnos. É por iso que *Guerra de grafías, conflito de elites*, malia as discrepancias que o público lector poida ter ou non co enfoque da análise nela presentada, é unha obra imprescindíbel para achegármonos con criterio ao proceso histórico de construción da norma ortográfica, mais tamén ao propio valor da ortografía como sistema de transmisión do poder e ao estado recente das diverxencias entre oficialistas e reintegracionistas.

María Vilarinho Suárez